



Comunícolle que a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión que tivo lugar o día 26 de xullo de 2011, adoptou o seguinte acordo:

B) “CENTRO DE INTERPRETACIÓN DOS RESTOS ARQUEOLÓXICOS DA CIDADE DE PONTEVEDRA. FASE 1”.

Examinado o expediente tramitado para a execución das obras de “centro de interpretación dos restos arqueolóxicos da cidade de Pontevedra. Fase 1”, resultan relevantes os seguintes feitos:

1. O equipo de LOOP ARQUITECTOS, formado por Luis Alió Alonso, Santiago Cifuentes Barrio, Javier García Valencia, Alvaro Marín Fernández e Sebastián Zapata Syro redactou un proxecto para a execución das obras de “centro de interpretación dos restos arqueolóxicos da cidade de Pontevedra. museo de historia da cidade de Pontevedra, en virtude do contrato administrativo de data 13/11/2009, polo que se formaliza a adxudicación do servizo de redacción do proxecto básico e de execución do Museo da Historia da cidade no prezo de 726.887,32 €. O proxecto de execución foi entregado e recibido nesta administración, previa conformidade do Arquitecto Xefe da OTA, procedéndose, en consecuencia, ao abono da factura. O proxecto completo foi supervisado favorablemente polo técnico municipal estando composto de memoria, anexos, xustificación de prezos, planos, estudio básico de seguridade e saúde, acta de planeamento, prego de condicións técnicas, medicións e orzamento e planos, ascendendo o seu orzamento de contrata 8.383.834,93 € e o IVE a 1.509.090,29 €, sendo o orzamento global contractual da obra de 9.892.925,22 €.

2. A Xunta de Goberno Local en data 11 de Abril de 2011 prestou aprobación ao proxecto redactado para a execución das obras de “centro de interpretación dos restos arqueolóxicos da cidade de Pontevedra. Fase 1”, por importe de 3.335.246,60 (2.826.480,17€ máis o IVE por importe de 508.766,43€) redactado por LOOP ARQUITECTOS, así como ao expediente de contratación tramitado para a execución das obras de “centro de interpretación dos restos arqueolóxicos da cidade de Pontevedra. Fase 1” e, en consecuencia, aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a adxudicación do contrato mediante procedemento aberto con publicidade comunitaria e varios criterios de adxudicación, cun orzamento global contractual de 3.335.246,60, que se financiará en canto á primeira anualidade para o ano 2011 por importe de 715.246,60 € con cargo á partida 15.33.3.0-622.00 do Estado do orzamento prorrogado para o ano 2011, quedando o resto das anualidades do gasto plurianual condicionadas á existencia de financiación suficiente nos respectivos orzamentos, dispoñendo a apertura do procedemento aberto das obras.

3. En data 21 de xullo de 2011 o Concelleiro delegado da area de facenda efectuou unha proposta para desistir da execución do contrato en base a “Tendo en conta que tal como consta no informe da Intervención Xeral incorporado ao expediente o concello unicamente dispón de 715.246,60 € con cargo á partida 15.33.3.0-622.00 do Estado do orzamento prorrogado para o ano 2011, quedando o resto das anualidades do gasto plurianual condicionadas á existencia de financiación suficiente nos respectivos orzamentos, tendo en conta que tratase dun gasto plurianual, e que nestes momentos non se estima axeitado asumir este compromiso de financiación

nos vindeiros exercicios, considerando a situación de crise económica que demanda unha maior contención do gasto por mor da diminución dos ingresos deste concello e priorizar as inversións tendo en conta o interese público, esta concellería propón ao órgano de contratación que se dite acordo de desistir do procedemento de contratación iniciado, en base as motivacións expostas e de acordo co disposto no artigo 139 da LCSP e cláusula 15.2 do prego de cláusulas administrativas regulador do contrato.”

Fundamentos xurídicos:

Primeiro.- O artigo 139 da LCSP dispón que no suposto de que o órgano de contratación renuncie a celebrar un contrato para no que xa efectuase a convocatoria, o notificará a os licitadores, informando tamén a la Comisión Europea deste acordo cando o contrato se publicase no Diario Oficial de la Unión Europea. A renuncia á celebración do contrato o el desistimento do procedemento só poderá acordarse polo órgano de contratación antes da adxudicación, debendo compensar a os licitadores polos gastos xurdidos. Só poderá renunciarse á celebración do contrato por razones de interese público debidamente xustificadas no expediente. O desistimento do procedemento deberá ser fundado nunha infracción no subsanable das normas de preparación do contrato o das reguladoras do procedemento de adxudicación, debendo xustificarse no expediente a concurrencia da causa.

Segundo.- A cláusula 15 do prego dispón que nos termos previstos no artigo 139 da LCSP, a Administración, antes de ditar a adxudicación, poderá renunciar a celebrar o contrato por razones de interese público, o desistir do procedemento tramitado, cando éste adolezca de defectos no subsanables, debendo de indemnizar a os licitadores, en ambos casos, dos gastos que súa participación na licitación os xerese realmente.

Terceiro.- O artigo 32 da LCSP dispón que a “carencia o insuficiencia de crédito, de conformidade con lo establecido en la Ley 47/2003, de 26 de noviembre, General Presupuestaria, o en las normas presupuestarias de las restantes Administraciones Públicas sujetas a esta Ley, salvo los supuestos de emergencia”. Deste xeito consta no expediente informe da Intervención xeral no que se sinala que a existencia de crédito (para a anualidade de 2011) para a aprobación do expediente actual quedaría condicionada á modificación do contrato de realización do proxecto básico e de execución do Museo da Historia da Cidade de Pontevedra”, nos termos indicados pola Intervención Xeral no seu informe. Este acordo foi adoptado pola Xunta de goberno se ben non se adaptou ao requirido pola Intervención Xeral, polo que non se deu cumprimento por parte da administración á condición imposta, polo que nos atopamos ante unha insuficiencia de crédito orzamentario axeitado para facer fronte á anualidade de 2011. Por outra banda para as anualidades restantes quedaban condicionadas á existencia de financiación suficiente nos respectivos orzamentos, non existindo vontade política de asumir este compromiso tendo en conta a situación de crise económica, como se reflicte na proposta do concelleiro delegado, polo que esta indubitablemente xustifico acudir ao desistimento do contrato.

Cuarto.- Que é competencia da Xunta de Goberno Local a adopción do presente acordo, de conformidade co disposto no apartado 3 da disposición adicional segunda e Artigo 139 da LCSP.

Atendendo ao exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:



Primeiro.- Desistir do procedemento de contratación das obras de “centro de interpretación dos restos arqueolóxicos da cidade de Pontevedra. Fase 1”, en base as motivacións expostas no presente acordo.

Segundo.- Notificar o presente acordo as empresas participantes no procedemento aberto convocado por este concello.

Terceiro.- Devolver as empresas licitadoras a documentación presentada na fase de licitación .

Cuarto.- Publicar o presente acordo no perfil do licitador do Concello de Pontevedra e no DOCE.

RECURSOS PROCEDENTES:

Contra o precedente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante a Xunta de Goberno Local e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación, ó abeiro do establecido no artigo 116-1 da Lei 30/1992 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, consonte ó disposto nos artigos 8-1 e 46-1 da Lei 29/1998, de 13 de xuño da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo dun mes segundo establece o artigo 117-2 da devandita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43-2 da Lei 30/92, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte de aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ó establecido no artigo 46-1) e 4) da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a Dereito.

O que lle comunico para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Pontevedra, 26 de xullo de 2011.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

PD A XEFA DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN,

Marta de las Heras Rodríguez.